

Avaliación das comunicacións presentadas nas XVII Xornadas Galegas de Medicina de Familia e Comunitaria

(Santiago de Compostela, 23 e 24 de novembro de 2012)

Ana Castaño Carou, Joám Casas Rodríguez, Salvador Pita Fernández, M^a Victoria Martín Miguel, Carmen Costa Ribas, Pilar Gayoso Diz

Comité científico das XVII Xornadas Galegas de Medicina de Familia e Comunitaria (MFeC)

Cad Aten Primaria
Ano 2012
Volume 19
Páx. 3-5

O número de traballos enviados a estas Xornadas de MFeC foi o máis elevado de todas as celebradas, ata este momento o máximo estaba en 117 comunicacións (Vigo 2008; XIII Xornadas Galegas de MFeC) e, este ano recibimos 129 traballos dos que 125 foron aceptados (figura 1). A porcentaxe de aceptación foi alta (96.8%), como vén sendo habitual nas últimas Xornadas (figura 2).




FIGURA 1. Evolución do nº de comunicacións nos últimos 5 anos.

Rexeitáronse 4 traballos, un deles por tratarse dun caso clínico xa presentado en outro congreso, os outros 3 porque non aportaban nada interesante para a AP, sendo 2 deles resultados dun traballo aceptado e que non supoñían unha aportación clínica que xustificara unha presentación individualizada.

A distribución dos traballos por provincia amósase na táboa 1, na que tamén aparecen os datos referidos ás 5 últimas xornadas realizadas (os datos de 2008 inclúen todos os traballos presentados, o resto só os traballos aceptados). Como xa se viu outros anos, a provincia organizadora aumenta o número de traballos enviados (figura 3). E ademais, este ano, o ámbito da Xerencia de Xestión Integrada de Santiago de Compostela é de onde proceden o maior número de comunicacións da provincia da Coruña (figura 4)




FIGURA 2. Evolución do nº de comunicacións aceptadas/rexeitadas.




FIGURA 3. Evolución do nº de comunicacións presentadas por provincia nas últimas 5 Xornadas Galegas de MFeC.

Como xa vén sendo habitual dende o ano 2008, o tipo de traballos aceptados son comunicacións científicas, comunicacións de experiencias, proxectos de investigación e casos clínicos. A aceptación dos casos clínicos contribuíu enormemente a elevar o

número de traballos presentados, representando un crecemento progresivo dende o 2009 en detrimento dos outros tipos de traballos (táboa 2; figura 5). En estas Xornadas os casos clínicos supoñen o 79% dos traballos.




FIGURA 4. Comunicacións presentadas na provincia da Coruña por Xerencias.




FIGURA 5. Tipos de comunicacións presentadas nos últimos 5 anos.

As 129 comunicacións recibidas foron divididas entre 3 grupos de avaliadores (cada grupo estaba formado por 2 membros do Comité Científico e avaliou 43 traballos). A avaliación das comunicacións científicas, de experiencias e proxectos de investigación realizouse en base a 3 apartados principais: orixinalidade, interese para a Atención Primaria e metodoloxía; nos proxectos de investigación tamén se tivo en conta se se trata dun estudo multicéntrico, se é viable e se ten ou non financiación. Os casos clínicos avaliáronse dependendo do interese para a Atención Primaria.

Por unha cuestión de espazo só se aceptaron 9 traballos para presentación oral, sendo aqueles que o Comité Científico designou como candidatos a premio entre o total de comunicacións científicas, de experiencias e proxectos de investigación. Destes 9 traballos 3 pediron presentación póster e solicitóuselle aos autores a exposición oral. Será tras a presentación destas comunicacións cando o Comité

Científico asigne os premios aos 3 mellores traballos.

O resto dos traballos son presentados como póster e, por primeira vez nunhas Xornadas Galegas, esta presentación é dixital e continua durante a celebración das mesmas.

O comité científico decidiu un premio para o mellor caso clínico. A selección do mellor traballo realizarase por votación anónima e voluntaria dos asistentes ás Xornadas durante a celebración das mesmas.

Dende o comité científico tamén detectamos que moitos dos casos clínicos son meras descrições de patoloxías que chaman a atención máis pola rareza que pola discusión clínica que deba xerar un traballo deste tipo, botando en falta a deducción e o razoamento clínico nos resumos aportados.

TÁBOA 1. Distribución de comunicacións por provincia nas 5 últimas Xornadas Galegas de MFeC

Xornadas Galegas MFeC	2008	2009	2010	2011	2012
	VIGO	OURENSE	A CORUÑA	LUGO	SANTIAGO
A CORUÑA	41	32	72	52	70
LUGO	1	8	2	5	6
OURENSE	17	27	17	13	6
PONTEVEDRA	53	21	13	10	40
FÓRA	5	1	2	1	3
TOTAL	117	89	106	81	125

CONCLUSIÓNS

Detéctase un crecemento do número de traballos presentados ás Xornadas Galegas de MFeC, que xa vén sendo alto dende o 2008, a expensas sobre todo dos casos clínicos.

A provincia organizadora das Xornadas aumenta o número de traballos enviados. Isto posiblemente está en relación co traballo realizado polos comités organizadores e científicos que animan aos

compañeiros a participar. En este caso é a localidade da sede das Xornadas a que máis traballos aportou.

En xeral hai unha baixada importante no número de traballos científicos presentados en relación aos últimos 5 anos (65% en 2008 vs 11% en 2012), tamén dimuíron o número de comunicacións de experiencias e proxectos de investigación. Os casos clínicos supoñen o 79% dos traballos aceptados.

É preciso mudar o formato dos casos clínicos, o que pode suxerirse aos autores a través da modificación das normas de envío e avaliación destes traballos que se empregaron en estas Xornadas. Queda como suxestión para próximos Comités Científicos de vindeiras Xornadas.

TÁBOA 2. Tipo de comunicacións enviadas nas últimas 5 xornadas.

	2008	2009	2010	2011	2012
C. CIENTIFICAS	76	47	56	19	14
C. EXPERIENCIAS	16	11	6	1	3
PROXECTOS INVESTIGACIÓN	18	8	6	4	9
CASOS CLÍNICOS	7	23	38	57	99
TOTAL	117	89	106	81	125